



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE SAÚDE MENTAL COMUNITARIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o día 08/07/2020 coa Asociación Andaina, Pro Saúde Mental o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento, por parte da Asociación Andaina, Pro Saúde Mental, dun programa de saúde mental comunitaria, para a atención das persoas cunha enfermidade mental, con ou sen diagnóstico, e ás súas familias na área rural.

O obxectivo do programa é ofrecer unha intervención integral que traballe no ámbito preventivo, educativo, social e rehabilitador, tendo en conta as necesidades psicosociais das persoas ás que vai dirixido. O programa desenvólvese na Comarca de Ordes e Ulla-Sar

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

No ámbito da nosa comunidade, a prevalencia do trastorno mental persistente e o modelo de atención na saúde mental, prioriza a atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.

A asociación Andaina, Pro Saúde Mental é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio aos enfermos mentais e ás súas familias, tendo como un dos seus fins promover a recuperación e integración social e laboral das persoas que padecen trastornos mentais, así como a mellora da asistencia e calidade de vida dos seus familiares e amigos, e a defensa dos seus intereses e dereitos.





A asociación Andaina, Pro Saúde Mental cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Por isto que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas que promovan o coñecemento da enfermidade mental e favorezan a integración social das persoas que a padecen, así como apoiar á familia e aos coidadores, aos efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas .

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

